#CULTURA CON FORZA

Vinte e cinco interesantes propostas culturais acompañaránnos este inverno e primavera. A calidade e interese das mesmas dan conta da fertilidade da cultura, dos creadores, dos artistas que nos presentan as súas obras e nos fan gozar con elas, que nos emocionan e nos convidan á reflexión.

O programa do Pazo da Cultura integra ciclos tan consolidados na programación cultural de Bergantiños como os ***Venres Culturais*** ou a XXI edición de ***Primavera enDanza***, o ciclo de cine árabe ***Amal en Ruta*** ou o programa de exposicións, e compleméntase cunha ampla oferta que ten lugar na Biblioteca Rego da Balsa. Teatro, música, danza, cine, exposicións... unha proposta diversa e xenerosa que pretende seducirnos a todas e todos.

Coa expresión tan carballesa que utilizamos no lema deste programa, ***con forza***, reivindicamos tamén a capacidade da cultura para darnos azos, forza. Convidámosvos a nutrirvos coa vitalidade e fartura da cultura.

# Amal en Ruta

## Mostra de cine euroárabe

A Concellaría de Cultura e a Fundación Araguaney-Puente de Culturas, unha entidade que pretende o achegamento cultural entre o mundo árabe e o noso país, colaboran para realizar a sexta edición o ciclo Amal cunha selección do mellor cine árabe actual. As proxeccións realizaranse no auditorio do Pazo da Cultura e na Biblioteca Rego da Balsa. Acceso gratuíto ata completar aforo.



26 XAN xoves | 20.30 h

### *The captains of Zaatari*

Nun campo de refuxiados de Xordania, dous amigos sirios, Fawzi e Mahmound, soñan con converterse en xogadores de fútbol profesionais. Cando chega una academia de fútbol a Zaatari coa intención de fichar novos xogadores, ven como o seu futuro pode cambiar.

**Longametraxe documental | Ali El Arabi | 2021 | Exipto, Xordania, Reino Unido | 73 min | Biblioteca Rego da Balsa**



02 FEB xoves | 20.30 h

### *The man who sold his skin*

Un mozo de Siria, abandona o seu país cara ao Líbano fuxindo da guerra. Para poder viaxar por Europa e vivir así co amor da súa vida, acepta tatuarse un pasaporte nas costas e converterse nunha 'obra de arte'. Primeira película tunisiana nomeada aos premios Óscar á mellor película internacional. Acadou o premio ao mellor actor, mellor director e mellor película no Festival Internacional de Cine de Venecia.

**Longametraxe ficción | Kaouther Ben Hania | 2020 | Tunes | 104 min | Biblioteca Rego da Balsa**



04 FEB sábado | 20.30 h

### *1982*

Verán de 1982. Nas aforas de Beirut a vida permanece en tensa calma mentres se oen explosións e disparos. Con este escenario bélico, Wissam, un neno de 11 anos, busca unha oportunidade para confesarlle o seu amor a unha compañeira de clase.

**Longametraxe ficción | Oualid Mouaness | 2019 | O Líbano, Noruega, Francia, Cartar | 100 min | Pazo da Cultura**



09 FEB xoves | 20.30 h

### *Mayor*

Musa Hadid, alcalde de Ramallah, capital de facto e centro cultural do Estado Palestino, trata de deseñar e construír a cidade do futuro sen perder de vista a súa misión final: poñer fin á ocupación de Palestina. Este documental foi galardoado co premio Emmy ao mellor documental de política e goberno no ano 2022.

**Longametraxe documental | David Osit | 20Es20 | Estados Unidos, Reino Unido | 89 min | Biblioteca Rego da Balsa**



11 FEB sábado | 20.30 h

### *You resemble me*

Quen era Hasna Aït Boulahcen? Esta é a historia desta moza que medrou nos suburbios de París, cunha vida marcada pola marxinación, a pobreza e os abusos. Acabará nunha espiral de destrución que rematará nun dos acontecementos máis dolorosos da historia recente de Francia.

**Longametraxe de ficción | Dina Amer | 2021 I Exipto, Francia, Estados Unidos | 94 min | Pazo da Cultura**

# #VenresCulturais



Fotografía: Aigi Boga

> TEATRO

27 XAN venres | 21.00 h

## A Quinta do Cuadrante e Ainé Producións (Galicia)

### *Continente María*

Diálogo coa actriz María Casares, galega exiliada, personalidade teatral na Francia do século XX. Viaxamos cara ela, cando ven de celebrarse 100 anos do seu nacemento, nun percorrido polo seu legado, as súas ideas, a súa forma de vivir o escenario, ata a enerxía que a definía.

A historia de vida de María Casares, teatro, poesía e música achéganos á memoria recente do noso país.

Coa interpretación de Melania Cruz, gañadora do Premio da Cultura Galega de Artes Escénicas 2022, descubriremos a retranca, o humor e a musicalidade de ambas actrices, referentes de compromiso co teatro.

**Intérpretes:** Melania Cruz e Vadim Yukhnevich.
**Escenografía:** José Faro "Coti". **Iluminación e audiovisuais:** Laura Iturralde. **Texto:** Marianella Morena
**Dirección:** Tito Asorey

**Duración: 70 min / Público: adulto / Prezo da entrada: 4 € / 3 €**
Deputación da Coruña

> MÚSICA



Fotografía: Diana Varela

03 FEB venres | 21.00 h

## Dulzaro (Castela-León)

### *Lorca, sinfonía del amor oscuro*

A unión de vangarda e tradición caracteriza a Dulzaro. Nútrese das raíces do folclore de Castela, dos seus ritmos e instrumentos, e renóvao cos sons experimentais da electrónica.

Neste espectáculo liderado por unha voz pura e esgazadora, están acompañados da música clásica do cuarteto de corda Ensemble Vigo 430 e tamén podemos atopar referencias ao flamenco, á zarzuela ou á música cinematográfica.

Unha proposta singular coa que reivindican a poesía e o imaxinario de Federico García Lorca, trasladándonos a unha nova paisaxe sonora de intensas emocións.

**Produción, voz e sintetizadores:** Alberto Domínguez. **Percusión:** Héctor Varela. **Violín:** Vania Collazo e Mario Peris. **Viola:** Miriam Buceta. **Violoncello:** Margarida Mariño

**Duración: 70 min / Público: todos os públicos**
**Prezo da entrada: 4 € / 3 €**
Rede Galega de Teatros e Auditorios

> TEATRO



10 FEB venres | 21.00 h

## Galeatro (Galicia)

### *Arte sen guión*

A derradeira banda de comedia da Idade Media presenta ante o público un espectáculo como os da súa época... pero, con tanta festa e tanta viaxe no tempo, esqueceron os seus diálogos. Tratarán de improvisar o seu número, deixando que a intuición, o oficio e a música sexan a guía para levar a cabo unha función ao máis puro estilo do seu século.

*Arte sen guión* é o primeiro espectáculo para público adulto da compañía carballesa Galeatro en coprodución co Centro Dramático Galego.

**Intérpretes:** Alba Bermúdez, Tone Martínez, Miguel Canalejo, Nacho Martín e Cris Iglesias
**Espazo escénico e vestiario:** Anahí Taraburelli
**Espazo sonoro:** Nacho Martín
**Dirección e dramaturxia:** Miguel Canalejo

**Duración: 70 min / Público: adulto**
**Prezo da entrada: 4 € / 3 €**
Rede Galega de Teatros e Auditorios

> TEATRO



EN FAMILIA

Fotografía: Vanesa Rábade

12 FEB domingo | 18.00 h

## Elefante Elegante (Galicia)

### *Cubo*

Nun misterioso cubo de madeira viven en harmonía dous personaxes moi diferentes: ela é curiosa e decidida, el é tenro e vulnerable. Xogan, divírtense e rin, pero un día ela decide ir máis aló, quere baixar en busca de novas preguntas e descubrir o mundo enteiro.

*Cubo* é unha aprendizaxe sobre a amizade, as separacións, a necesidade de coñecemento e a aventura de medrar en igualdade.

A compañía Elefante Elegante crea espectáculos cunha forte linguaxe plástica, poética e universal, traballando co corpo e os espazos, os xestos, os movementos e as imaxes.

**Intérpretes e dirección:** María Torres e Gonçalo Guerreiro. **Autoría e escenografía:** Gonçalo Guerreiro. **Iuminación:** Nacho Martín. **Música:** Manuel Fonte e Miguel Paz

**Duración: 45 min / Público: a partir de 5 anos**
**Prezo da entrada: 3 € / 2 €**
Rede Galega de Teatros e Auditorios

> MÚSICA



03 MAR venres | 21.00 h

## Sheila Patricia (Galicia)

### *Soa*

Sheila Patricia é unha das voces da nova canción de autora en Galicia que está a reinterpretar a música tradicional para adaptala aos novos tempos. Cun estilo orixinal e fresco a compositora e cantante ten influencias do folk, do fado, do jazz ou do folclore latinoamericano.

O seu canto tradicional demostra a riqueza do son galego que mestura con diversas formas de música electrónica, desde sofisticadas bases minimalistas ata explosións polirítmicas ultramodernas de son.

En tempos onde a folktrónica chegou a un público masivo, ela é unha pioneira deste xénero. Acaba de recibir o Premio Martín Códax de músicas do mundo e mestizaxe.

**Duración: 60 min / Público: adulto**
**Prezo da entrada: 3 € / 2 €**
Rede Galega de Teatros e Auditorios

> TEATRO



EN FAMILIA

05 MAR domingo | 18.00 h

## Os naúfragos (Galicia)

### *Hugo*

Hugo é diferente. Ten TEA, trastorno do espectro autista. Gústanlle moito os avións e tamén toca o piano. A súa amiga Laia visítao cada día. É moi alegre e gústanlle as plantas.

A obra fala da empatía, da necesidade de comunicarnos e da beleza da diferenza. Ser diferentes fainos grandes.

Este espectáculo foi o gañador do Premio María Casares 2022 ao Mellor espectáculo para público infantil e familiar.

**Intérpretes:** Jimmy Núñez e María Roja
**Deseño escenografía:** Marimo Studio
**Deseño iluminación:** Daniel Pais
**Música:** Daniel Valentín
**Dirección e dramaturxia:** Gustavo del Río

**Duración: 50 min / Público: familiar a partir de 4 anos**
**Prezo da entrada: 3 € / 2 €**
Rede Galega de Teatros e Auditorios

> TEATRO



10 MAR venres | 21.00 h

## Talía Teatro (Galicia)

### *Unha inimiga do pobo*

Helena é unha doutora de prestixio que regresa á vila natal para comezar unha nova etapa. Embarazada, afronta o seu novo proxecto co balneario que ela mesma deseñou. A inesperada contaminación das augas da zona e a súa loita por preservar a saúde da poboación fronte a intereses económicos, poñerana no punto de mira dos seus veciños.

Unha obra inmortal de Henrik Ibsen, sobre a corrupción do poder e a manipulación da opinión pública.

**Intérpretes:** Marta Lado, Toño Casais, Dani Trillo, Rubén Prieto, Marta Ríos, María Ordóñez, Diego Rey, Artur Trillo e Xurxo Barcala
**Escenografía:** Dani Trillo
**Vestiario e maquillaxe:** Martina Cambeiro
**Iluminación :** Laura Iturralde
**Música orixinal:** Manu Abraldes
**Dramaturxia:** Vanesa Sotelo e Tito Asorey
**Dirección:** Tito Asorey

**Duración: 90 min / Público: adulto**
**Prezo da entrada: 5 € / 3,5 €**
Rede Galega de Teatros e Auditorios

> TEATRO




17 MAR venres | 21.00 h

## Grupo Chévere (Galicia)

### *N.E.V.E.R.M.O.R.E.*

Chévere parte da memoria colectiva para contar a historia do Prestige e desfacer o feitizo que segue rodeando a catástrofe, convertida nunha metáfora estrañamente perfecta desa cultura do petróleo que nos impide ver que hai máis alá do que aconteceu.

*N.E.V.E.R.M.O.R.E.* é unha viaxe emocional á catástrofe do Prestige, un traballo documental para seguir facendo memoria escénica, un S.O.S. emitido á desesperada no código internacional de sinais marítimos.

Unha coprodución de Chévere co Centro Dramático Nacional.

**Intérpretes:** Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Borja Fernández, Mónica García, Arantza Villar e Tone Martínez. **Espazo escénico:** Carlos Alonso. **Espazo sonoro:** Xacobe Martínez Antelo. **Vestiario:** Uxía P. Vaello. **Iluminación:** Fidel Vázquez. **Son:** Xurxo Pinheiro. **Dirección e dramaturxia:** Xron. **Idea e creación:** Chévere

**Duración: 110 min / Público: a partir de 12 anos**
**Prezo da entrada: 5 € / 3,5 €**
Rede Galega de Teatros e Auditorios

> TEATRO



Fotografía: Sabela Eiriz

24 MAR venres | 21.00 h

## PT Excéntricas (Galicia)

### *O porco de pé*

Hai cen anos, Vicente Risco detectou unha nutrida presenza porcina vestida con elegantes abrigos e chapeus que se confundían cos propios burgueses.

Unha sucesión de grotescos personaxes, caricaturescos como monicreques, representan os principios da farsa popular, a medio camiño entre o circo e o barracón. Unha divertida sátira de corrupción política e amor, pasada polos espellos deformantes do parque de atraccións.

**Intérpretes:** Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Patricia Vázquez
**Escenografía e indumentaria:** Carlos Alonso
**Iluminación:** Octavio Mas
**Espazo sonoro:** Piti Sanz
**Versión e dramaturxia:** Vicente Sendón
**Autoría:** Vicente Risco
**Dirección e dramaturxia:** Quico Cadaval

**Duración: 90 min / Público: adulto**
**Prezo da entrada: 3 € / 2 €**
Deputación da Coruña



**20 XAN A 16 FEB**
Expo Premio J. Núñez

**26 XAN A 11 FEB**
Ciclo Amal en Ruta



**27 XANEIRO**
A Quinta do Cuadrante e Ainé Producións



**03 FEBREIRO**
Dulzaro



**10 FEBREIRO**
Galeatro



**12 FEBREIRO**
Elefante Elegante



**23 FEB A 28 MAR**
Expo Premio Luis Ksado



**02 MAR A 26 MAR**
Expo Josecho González



**03 MARZO**
Sheila Patricia



**05 MARZO**
Os Náufragos



**10 MARZO**
Talía Teatro



**17 MARZO**
Grupo Chévere



**24 MARZO**
PT Excéntricas



**14 ABR A 14 MAIO**
Expo Certame A. Fraguas



**14 ABRIL**
Colectivo Glovo



**15 ABRIL**
Laboratorio Escénico



**22 ABRIL**
Damiel Abreu



**28 ABRIL**
Elahood



**29 ABRIL**
Entremans

**27 ABR A 31 MAIO**
Certame Xosé M. Eirís

Organiza: concello de CARBALLO | CONCELLARÍA DE CULTURA | pazo da Cultura

Colaboran: XUNTA DE GALICIA | REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS | Deputación DA CORUÑA

# #Primavera EnDanza

## XXI EDICIÓN > DO 14 AO 29 DE ABRIL

Danza contemporánea, artes do movemento, danza urbana, música en directo, audiovisuais, universos poéticos ou fecundas mesturas artísticas comparten protagonismo na XXI edición do noso curto festival de danza, dando conta do potencial creativo e de experimentación desta disciplina.

Estas ricas propostas de creadores de longa e premiada traxectoria xunto ás recentes incorporacións á danza galega, poñen tamén sobre as táboas preocupacións actuais como a identidade, a muller, o paso do tempo, a tecnoloxía ou o futuro.

Razóns dabondo para que goces de Primavera enDanza!

*ATENTOS AOS ENCONTROS COS ARTISTAS E ÁS ACTIVIDADES DE ACHEGAMENTO Á DANZA!*



Fotografía: Miramemira



### 14 ABR venres | 21.00 h
### Colectivo Glovo (Galicia) > *Tabú*

Quen eran esas desafiantes mulleres coas camisetas dos equipos de fútbol do Arnoia e do Celanova desa vella fotografía? Que foi delas? Estamos ante pioneiras?

Fronte a estes interrogantes, Colectivo Glovo somérxese nas curiosidades destas travesías de vida feminizadas e aínda por descubrir.

Logo dunha ampla traxectoria nacional e internacional, o proxecto artístico de Esther Latorre e Hugo Pereira aséntase el Lugo no 2019. Apaixoados pola linguaxe do movemento, perseguen novas expresións escénicas partindo do propio corpo sen límites establecidos.

**Intérpretes:** Esther Latorre, Hugo Pereira, Clara Ferrao, Sybila Gutiérrez, Fran Martínez e Paula Quintas. **Deseño de iluminación:** Pedro Fresneda. **Vídeo:** Dani García. **Espazo sonoro:** Babykatze. **Creación:** Esther Latorre e Hugo Pereira.
**Coprodución co Centro Coreográfico Galego**

**Duración: 60 min / Público: adulto**
**Prezo da entrada: 4 € / 3 €**
Rede Galega de Teatros e Auditorios



ESTREA

### 15 ABR sábado | 20.30 h
### Laboratorio Escénico Coop (Galicia) > *Blues de medianoite*

A ritmo de blues, no misterio e na sensualidade da noite, achegámonos ás raíces negras no movemento, na música e nos instintos. A chamada da terra que pon en valor ás grandes mulleres do blues e a riqueza rítmica que ven directamente de África, sempre dende un filtro persoal. Un só de danza contemporánea que comparte protagonismo coa música en directo e o teatro.

Laboratorio Escénico é un espazo de formación e creación artística nado no 2019, do que forma parte a bailarina de orixe carballés Alba Fernández, creadora e intérprete desta peza.

**Intérpretes:** Alba Fernández, Marian Ledesma, Julio Cuns, Nacho Martín, Bruno Couceiro e Alfonso Castro. **Arranxos musicais:** Iván Doval. **Deseño de iluminación:** Alfonso Castro. **Dirección e creación:** Alba Fernández

**Duración: 60 min / Público: adulto / Prezo da entrada: 3 € / 2 €**
Deputación da Coruña



### 22 ABR sábado | 20.30 h
### Daniel Abreu (Madrid) > *El hijo*

*El hijo* fala do vínculo cos nosos proxenitores e o que se fai con iso. Somos individuos independentes, pero enredados profundamente nas raíces que nos acompañan; somos seres afectados de emoción.
Este espectáculo de danza lévanos ao primario, á familia e á natureza, alternando un corpo de hoxe, consciente, fronte a outros mundos que non vemos mais afectan aos nosos camiños.
Daniel Abreu é un creador cunha gran presenza na escena da danza no noso país e con ampla traxectoria internacional. Presentou as súas creacións en máis de 40 países, sendo galardoado en numerosas ocasións, entre as que destaca o Premio Nacional de Danza en 2014. Con esta peza foi finalista nos premios Max 2021 como mellor intérprete masculino de danza.

**Creación, interpretación e iluminación:** Daniel Abreu **Música:** Collage. **Acompañamento dramaturxia:** Marina Warner. **Axudante de dirección:** Janet Novás

**Duración: 60 min / Público: adulto / Prezo da entrada: 5 € / 3,5 €**
Rede Galega de Teatros e Auditorios



Fotografía: Miramemira

### 28 ABR venres | 21.00 h
### Elahood (Galicia) > *Nó*

*Teño algo importante que dicir pero aínda non sei o que é.* Esta frase é o punto de partida de *Nó*. Unha mesaxe contraditoria que Elahood nos anima a descifrar por nós mesmos. Onde reside a importancia do importante? A precariedade laboral ou a identidade de xénero transitan pola peza anticipando unha ruptura co preestablecido.

*Nó* é unha proposta de danza urbana desde a creación contemporánea cunha coidada linguaxe visual, que abraza a presenza do texto, a voz e a ironía.

**Interpretación:** Julia Laport, Sabela Domínguez. **Audiovisual:** Iria Casal. **Escenografía:** Anahí Taraburelli. **Espazo sonoro:** LLXNTO e Bruno Baw. **Deseño de iluminación:** Afonso Castro. **Dramaturxia:** Gena Baaamonde e Elahood. **Coreografía:** Julia Laport, Sabela Domínguez e Aina Lamas. **Dirección:** Julia Laport, Sabela Domínguez e Kerick Sandy.
**Coprodución co Centro Coreográfico Galego**

**Duración: 65 min / Público: adulto**
**Prezo da entrada: 4 € / 3 €**
Rede Galega de Teatros e Auditorios



### 29 ABR sábado | 20.30 h
### Entremans (Galicia) > *Bionic*

*Estaremos supeditados quizais á xerarquía da tecnoloxía?*

A e B compleméntanse, un tándem con mecanismos sólidos e funcionais, por momentos defectuosos. C é unha especie de software vivente que compón e descompón.

Neste encontro, o biolóxico e o artificial comparten territorio sen quebrantar a capacidade humana de sentir. O corpo convértese nun colector de vivencias, que desexa preservarse ante o inminente paso do tempo.

A compañía Entremans defínese polo seu traballo corporal expresivo e rítmico, cunha poética propia. Os seus creadores leva máis de trinta anos bailando e para eles o movemento revela o noso inconsciente desde o corpo.

**Dirección, creación e interpretación:** Armando Martén e Ana Beatriz Pérez. **Espazo escénico:** Suso Montero **Iluminación:** Octavio Mas. **Espazo sonoro e intervención:** Ismael Berdei. **Ollo externo:** Rut Balbís

**Duración: 50 min / Público: adulto / Prezo da entrada: 4 € / 3 €**
Rede Galega de Teatros e Auditorios

# #Expos | HORARIO DE APERTURA: de 17.00 h a 21.00 h de luns a venres



### Do 20 de xaneiro ao 16 de febreiro
#### *XVI Premio Arte Gráfica Jesús Núñez*

Selección de obras de gravado calcográfico, litografía, serigrafía ou xilografía escollidas polo xurado da XVI edición deste certame convocado anualmente pola Deputación da Coruña en homenaxe á obra do artista Jesús Núñez. A participación de artistas de máis dunha vintena de países é indicativa do prestixio e repercusión internacional desta iniciativa nesta arte gráfica. Na mostra poderemos desfrutar da obra gañadora, a litografía *Drama no polígono*, que por primeira vez na historia do premio pertence a unha artista galega, María Mejide. Andar -1 do Pazo da Cultura. Organiza: Deputación da Coruña e Concello de Carballo



### Do 23 de febreiro ao 28 de marzo
#### *XV Premio de Creación Fotográfica Luis Ksado*

Exposición dos traballos premiados na XV Edición do premio de creación fotográfica Luis Ksado, organizado pola Deputación da Coruña. Galardón convertido xa nun referente no eido da fotografía en Galicia e en España que este ano recaeu na reportaxe *Atrapados ás portas de Europa* do leonés J.M. López, fotografías realizadas en 2020 en Bosnia. Ademais, recolle as series escollidas polo xurado que nesta ocasión optaron pola pluralidade de estéticas, técnicas e miradas. Refuxiados, asasinados, mozos no límite, vítimas da pandemia, a Galicia baleirada, os rostros do traballo... compoñen unha mostra que a amosa a vitalidade do documentalismo e fotoxornalismo.

3º andar, sala de exposicións Alberto Gende do Pazo da Cultura. Organiza: Deputación da Coruña e Concello de Carballo



### Do 2 ao 26 de marzo > *Xeometrías*

Mostra pictórica do artista carballés Josecho González. Interesado dende pequeno polo mundo plástico será na súa madurez cando afonde nel, comezando a ter un contacto máis directo co mundo da arte realizando traballos autodidactas e buscando un estilo artístico específico.
As súas composicións caracterízanse polo uso de formas xeométricas, organizadas de maneira lóxica, mostrando así unhas pezas cheas de cor como tema principal para compoñer o cadro, dándolle ritmo e movemento. Crea así unha harmoniosa conxugación e plasticidade, cromatismo e forza formal. E trata de expresar cada cadro como unha obra en si mesma e que sexa o observador o que interactúe e a interprete.

Andar -1 do Pazo da Cultura. Organiza: Concello de Carballo

### Do 14 de abril ao 14 de maio
#### *XIV Certame de Artesanía Antonio Fraguas*



Obras seleccionadas no certame organizado pola Deputación da Coruña co fin de pór en valor a artesanía de Galicia.

Destaca pola gran variedade de disciplinas e a mestura da tradición con novas creacións. Pódense apreciar traballos de téxtil, xoiería, cerámica, talla e forxa, entre elas as obras gañadoras, de Carmen Riveiro e Verónica Moar. Ademais entre as obras seleccionadas para esta mostra atópase unha do carballés Manuel Eirín Nemiña.

Andar -1 do Pazo da Cultura.
Organiza: Deputación da Coruña e Concello de Carballo

### Do 27 de abril ao 31 de maio
#### *XXV Certame fotográfico Xosé Manuel Eirís*

Selección fotográfica das obras presentadas á XXV edición do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís. Con este concurso de carácter anual o Concello de Carballo quere contribuír á creación artística e a fomentar a divulgación da fotografía.

A mostra está composta polas fotografías premiadas polo xurado e por unha escolma das presentadas a esta edición. As fotografías participantes son de tema libre, aínda que existe un premio especial para as que fagan referencia a Carballo.

3º andar, sala de exposicións Alberto Gende. Organiza: Concello de Carballo. Colabora Fundación Luís Calvo Sanz e Interfilm Carballo

# Outras propostas

## PROGRAMA APEGO

Biblioteca Municipal Rego da Balsa, 17:00 h e 18:30 h. Para nenos e nenas menores de 4 anos acompañados por un adulto. Inscrición previa no 981 758 580 desde unha semana antes.

**11 xaneiro:** ***Pegadas. Espías no Bosque*** con Senda Nova.
**25 xaneiro:** ***Comerá o bebé?*** con Cris de Caldas e Xabi do Camiño.
**8 febreiro:** ***Canto e bailo miúdo.*** Xornada do afecto coa Escola do Alprende de Oza. 18:00 h.
**22 febreiro:** ***Cantacontos para bebés*** con Pablo Díaz.
**8 marzo:** ***Fálame moito*** con Raquel Bello. 18:00 h.
**22 marzo:** ***Trispilistriñas.*** Contos para bebés de Pavís Pavós.
**12 abril:** ***O xogo de Nano.*** Contos para bebés con Raquel Queizás.
**26 abril:** ***Ruta Apego.*** A vexetación do río Anllóns con Senda Nova. 18:00 h.
Inscricións: Concellaría de Normalización Lingüística
**10 maio:** ***U-la lúa?*** con A Xanela do Maxín.
**24 maio:** ***Contacontos interactivo*** con ioga con Ana Prema. 18:00 h
Organiza: Concellaría de Normalización Lingüística

## VI EDICIÓN PREMIOS YOUTUBEIRAS

**28 xaneiro** / 20.00 h / Pazo da Cultura
Entrega de premios presentada pola actriz e narradora Cristina Collazo. Coa actuación de **Laura Lamontagne & PicoAmperio.**
Organiza: Concellaría de Normalización Lingüística
Entrada libre ata completar capacidade

## CONCERTOS DO CMUS CARBALLO

**26 de xaneiro** / 18.00 h **Ensemble SuperArte** Proxecto Inclusivo do Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.
**14 febreiro** / 20.00 h: **Concerto de San Valentín** da Big Band do Conservatorio.
**11 marzo** / 19.00 h: **Concerto de Bandas Sonoras** da Banda. Música do Conservatorio.
**25 abril** / 19.00 h: **Concerto da Big Band** do Conservatorio.
Pazo da Cultura / Entrada libre ata completar aforo
Organiza: Conservatorio Profesional de Música de Carballo

## FESTIVAL DE VARIETÉS

**17 febreiro** / 20.30 h / Pazo da Cultura
Festival de variedades no que participarán os centros de ensino de secundaria de Carballo, o Centro de Integración de ASPABER e o Conservatorio Profesional de Música de Carballo.
Entrada libre ata completar aforo
Organiza: Comité de Irmanamento de L'isle Jourdain

## CURRUNCHO POP 2023

Biblioteca Municipal Rego da Balsa. Inscrición previa no 981 758 580 desde unha semana antes.

**Sábado 25 febreiro:**
> 19:30 h. Presentación do libro *Nuevo Rock Americano, años 80: Luces y sombras de un espejismo* de Carlos Rego.
> 20:30 h. **Concerto de Sid Griffin.**
**Sábado 25 marzo:**
> 19:30 h. Presentación do libro *Al compás del Voodoo (religión, represión y música)* de Héctor Martínez.
> 20:30 h. **Concerto de Voodo Childs.**
**Sábado 6 maio**
> 19:30 h. Presentación do libro *God Save the Queens: Pioneras del punk* de Cristina Garrigosa, Paula Guerra e Nuria Triana.
> 20:30 h. **Concerto de Mila & the Stoofas.**
**Sábado 3 xuño:**
> 19:30 h. Presentación do libro *Concierto para George* de Nacho Para.
> 20:30 h. **Concerto para George.**

## DOCUMENTAL *Alegría. Prestige, 20 anos despois do desastre*

**16 marzo 20.30 h** / Biblioteca Rego da Balsa
Urco Producións.
Ecoloxistas en acción.
Entrada libre ata completar aforo
Organiza: Deputación da Coruña e Concello de Carballo

## X CARBALLO INTERPLAY

***Festival de contidos dixitais***
**Do 29 de marzo ao 1 de abril**
Organiza: Concellaría de Promoción Económica e Turismo

# + Info | Todas as actividades terán lugar no Pazo da Cultura de Carballo, excepto as que indican outro lugar

## > LUGARES E DATAS DE VENDA

**VENDA ANTICIPADA:**
- Espectáculos xaneiro-febreiro: **www.ataquilla.com**
- Espectáculos marzo-abril: consultar en **www.carballo.gal**

A compra en liña anticipada de entradas supón gastos de xestión.

**VENDA DIRECTA / BILLETEIRA:** Venda de entradas o mesmo día da función na billeteira do Pazo da Cultura, desde 90 minutos antes do inicio da actuación.

No caso de prezo reducido (estudantes con carné de estudante, maiores de 60 e menores de 18 anos) deberá acreditarse debidamente a circunstancia especial do prezo reducido no acceso ao espectáculo.

## > PREZO ENTRADAS

Segundo o especificado en cada espectáculo:
- **PREZO ORDINARIO: 3 € , 4 € e 5 €**
- **PREZO REDUCIDO: 2 €, 3 € e 3,5 €**

Esta programación poderá sufrir algunha modificación (novos espectáculos, datas, entradas...) que se comunicará coa máxima antelación posible. Prégase puntualidade. A apertura de portas será 15 minutos antes do inicio do espectáculo. Unha vez comezada a función non se garante o acceso á sala e a organización poderá facer uso da localidade. As entradas non poderán ser cambiadas nin reembolsadas, a excepción da cancelación do espectáculo. Se por razóns de produción tivera que ser ocupada algunha localidade, a organización proporcionará a solución oportuna ao espectador afectado. Non se permite a entrada de comida ou bebida. Resérvase o dereito de admisión. Co ánimo de preservar os dereitos dos artistas e non perturbar o bo desenvolvemento da función, non está permitido fotografar, filmar ou gravar o espectáculo sen autorización expresa da organización e do artista. Antes de entrar na sala, deben desconectar os seus dispositivos móbiles. A adquisición desta entrada significa a aceptación do Protocolo Covid así como as instrucións da organización.

Pazo da Cultura. Rúa do Pan s/n. 15100 Carballo
981 70 43 00 | cultura@carballo.gal | www.carballo.gal




CONCELLARÍA DE CULTURA